

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2020 pola que se modifican os créditos orzamentarios da Resolución do 2 de agosto de 2019 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG638A).*

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 154, do 14 de agosto de 2019, publicouse a Resolución do 2 de agosto de 2019 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

No punto terceiro do resolvo establécense os créditos dispoñibles e as aplicacións orzamentarias para as empresas e para os organismos empresariais, polos seguintes importes e distribución plurianual:

Empresas	Código de proxecto	Partida orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020	Total
Convocatoria 2019	2016 00018	09.01.741A.4705	280.000	320.000	600.000
Organismos empresariais	Código de proxecto	Partida orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020	Total
Convocatoria 2019	2016 00018	09.01.741A.4814	150.000	250.000	400.000

No mesmo punto establécese que o director xeral do Igape poderá ampliar o crédito, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos e logo de informe favorable da modificación orzamentaria por parte do organismo intermedio do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 (actualmente, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos), nos supostos e termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto no *Diario Oficial de Galicia*.

Tendo en conta que o crédito necesario para atender as solicitudes pendentes de resolver e con informe favorable para empresas precisan un incremento de crédito de 146.456,75 € e que o remanente de crédito da partida para organismos empresariais ascende a 349.234,13 € procede realizar un reaxuste entre ambas as partidas.



Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

#### Artigo 1

Modificar os créditos do ano 2020 das axudas para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 154, do 14 de agosto de 2019), quedando do seguinte xeito:

Empresas	Código de proxecto	Partida orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020	Total
Convocatoria 2019	2016 00018	09.01.741A.4705	280.000	466.456,75	746.456,75 €
Organismos empresariais	Código de proxecto	Partida orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020	Total
Convocatoria 2019	2016 00018	09.01.741A.4814	150.000	103.543,25	253.543,25 €

#### Artigo 2

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2020

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

